



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á VALORACIÓN DOS MÉRITOS NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA A COBERTURA PARA A COBERTURA DE DUAS (2) PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO DE LIMPADOR/A DO ALBERGUE DE PEREGRINOS INCLUÍDAS NA MODIFICACIÓN 1 DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

EXPT. 15/2024-SPL-EST, 2024/E001/000014.

Faise público que, o Tribunal nomeado para cualificar as probas do procedemento de selección indicado, na sesión realizada o 22 de xaneiro de 2025 adoptou os seguintes **ACORDOS**:

“ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DONA MARÍA JOSÉ GONZÁLEZ BUSTELO (NRE 0012 DE 2 DE XANEIRO DE 2025)

Primeiro. DESESTIMAR a petición de dona María José González Bustelo tendo en conta que, tras revisar a seguinte documentación aportada xunto coa instancia de participación:

- Certificación expedida por don Ángel Manuel Vázquez Castaño, como administrador da empresa LIMPESAR SL.
- Informe de vida laboral, segundo o cal, a interesada prestou servizos para a empresa LIMPESAR SL dende o 04/09/2017 ata a actualidade.

Queda acreditado que que dona María José González ten prestado servizos para a empresa LIMPESAR SL, non en tanto, independentemente do lugar onde se teñan prestados estes servizos, a interesada non acredita ter prestados servizos para ningunha Administración Pública, nin local nin distinta da local.

Estes servizos **non puideron ser valorados** por parte do Tribunal posto que, independentemente do que persoalmente se considere ou non valorable, o certo é que **nos procedementos de selección dunha Administración Pública**, como é o caso, existen certos **requisitos que non se poden pasar por alto**. E un deles son as **Bases** que rexen o proceso selectivo, que son **plenamente vinculantes** para as partes concorrentes: tanto para a Administración convocante como para as persoas aspirantes, estas son consideradas polo Tribunal Supremo a “Ley da oposición ou concurso”.

Polo tanto, e remitíndonos ás mesmas, na Base 8.4.a, relativa aos méritos que se valorarán no concurso establece o seguinte:

“8.4. (...)”

A. Experiencia profesional. Máximo 90 puntos.

*i. Por **servizos prestados na Administración local como persoal laboral ou funcionario**, en postos da mesma ou equivalente categoría profesional, corpo ou escala e no que se desenvolveran tarefas ou funcións propias da praza que se convoca: 0,92 puntos por cada mes completo de servizo.*

*ii. Por **servizos prestados noutras Administracións públicas, distinta da local, como persoal persoal laboral ou funcionario**, en postos da mesma ou equivalente categoría profesional, corpo ou escala e no que se desenvolveran tarefas ou funcións propias da praza que se convoca: 0,25 puntos por cada mes completo de servizo.*

(...)”

Tendo en conta que a interesada non ten prestado servizos como persoal laboral nin funcionario en ningunha Administración Pública, non existe a posibilidade de que por parte deste Tribunal cualificador se valoren os servizos prestados para empresas privadas xa que vai en contra do establecido nas Bases que rexen o proceso e, polo tanto, da “Ley” que regula este procedemento de selección.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción do correspondente anuncio no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón e no de Anuncios da Casa do Concello.

RECURSOS: O que se comunica para o seu coñecemento e efectos, de conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advertíndose que se trata dun acto de trámite e como tal non procede a interposición de recursos contra o mesmo.

Non en tanto, contra as resolucións e os actos de trámite que decidan, directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, de conformidade co artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderá interpor recurso de alzada e o posterior recurso potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade e anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da citada Lei. O prazo para interpor recurso potestativo de reposición será dun mes, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será dun mes, desde a súa interposición (artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro)."

(documento asinado dixitalmente)

O presidente do Tribunal